

## «A inquisición agora é o capital»

C. F. Iglesias SANTIAGO [CULTURA](#)

**O escritor apunta que a novela «fala da negación da diferenza»**

**20 out 2011.**

Xavier Queipo reivindicouse central e non periférico asegurando que a súa identidade non estaba «construída contra ninguén». Presentou en Santiago *Extramunde*, a novela gañadora do Xerais, presentación que repetirá mañá en Vigo.

**-Dúas palabras que definen á novela segundo a presentación son polifónica e posmoderna.**

-Creo que nos dous casos queren explicar características que ten e que quizais se saian do convencional. Por unha parte, a polifonía pode ter que ver con que non hai un protagonista claro que leve o peso da historia. Vai cambiando en función do argumento e do escenario. Posmoderno igual ten que ver con que a estrutura non é a habitual. Tamén porque na novela van aparecendo moitas historias diferentes.

**-*Extramunde* fala do poder da inquisición. Ese poder absoluto desapareceu, ¿ou cre que agora está noutras institucións?**

-A novela fala da negación da diferenza. E a negación do diferente segue hoxe. Quizais en países sen ditadura pareza que non é así, pero dáse unha dobre moral porque en teoría todo está aceptado, pero na práctica as indemnizacións van para os directivos de NCG. Sempre hai unha clase dirixente e sempre gañan os mesmos, os que prefiren a inxustiza ao desorde. A inquisición agora é o capital, que é quen está definindo as normas.

**-Na convocatoria do libro propón acabar coa perspectiva periférica.**

-Resúltame desagradable que me digan que son periférico. Eu crecín en Galicia e o central en Galicia é ser galego. Quería explicar tamén que non se trata de que me pareza mal ser español, nin que estea en contra. É que para min o central é ser galego e penso que o sistema de pensamento hai que construílo desde a reafirmación disto.